

CONCRECIÓN CURRICULAR

CURSO 2022-2023

CEIP PLURILINGÜE OUTEIRO DAS PENAS

CESANTES- REDONDELA

ÍNDICE

- 1.- A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro
- 2.- A contribución e adquisición das competencias
- 3.- Os criterios para introducir elementos transversais
- 4.- Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía
- 5.- Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
- 6.- Os criterios de oferta educativa , itinerarios e optatividade, de ser o caso.
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias
- 8.-Os criterios para o deseño dos plans de reforzamento ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores pendentes.
- 9.- Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo e personalizados para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, se é o caso.
- 10.- Os criterios xerais de avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.
- 11.- Os criterios de otorgamento de matrícula de honra de ser o caso.
12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.
- 13.- Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

14.- O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular do CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas está realizada polo Equipo Directivo, revisada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobada polo Claustro de Profesorado o 11 de outubro de 2022.

Dito documento orienta ao profesorado na súa actuación docente, e garante o cumprimento de todo o que nel se recolle.

1.- A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico

2. -A contribución e adquisición das competencias

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar. As competencias a desenvolver son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Potenciaremos o desenvolvemento da competencia lingüística , da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría e a competencia dixital. Para una adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán abordarse desde actividades de todas as áreas que posibilitarán o aprendizaxe en máis dunha competencia.

3.- Os criterios para introducir elementos transversais

Na actualidade hai uns temas que deben ser abordados pola súa importancia xa que inciden directamente na marcha da sociedade.

Estes deben ser abordados de forma transversal ao currículo.

Educación para a convivencia:

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Educación do consumidor:

O alumnado é o máis afectado no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

Educación para a saúde:

Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida.

Educación ambiental:

Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.

Educación vial:

Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

Educación intercultural:

Contribuíndo a que todo o noso alumnado, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.

Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Coeducación:

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade.

Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividade e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Educación para a paz:

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Cultura galega:

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

En todas as áreas do currículo traballaranse unha serie de contidos implícitos que denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral.

Son os seguintes:

- A comprensión lectora:

saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP.

- Expresión oral e escrita:

é outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa.

- As tecnoloxías da información e comunicación:

tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.

- Emprendemento:

afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.

- Educación cívica e constitucional:

ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia. Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes y mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

4.- Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Debemos ter en conta :

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

Por iso consideramos que os principios metodolóxicos a considerar son:

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
 - Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
 - Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
 - Dos coñecementos previamente construídos.
- b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
 - Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
 - Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.
- c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.
 - Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa

estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).

- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Estes principios conlevan que na nosa tarefa diaria debamos:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.

- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

d) Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.

- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
- e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- l) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.
- o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

5.- Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Neste apartado exporemos principalmente a selección dos materiais e recursos empregados na Educación Primaria, centrándonos principalmente nos recursos e materiais didácticos.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva as formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo metodolóxico anteriormente proposto:

1. Ser coherentes cos obxectivos e contidos propostos
2. Recollar actividades de diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención as diferenzas individuais.
3. Claridade e amenidade gráfica e expósitiva
4. Recursos que faciliten a actividade educativa.

Ademáis no primeiro ciclo, respectando o noso Plan de Tránsito da Educación Infantil a Educación Primaria, os recursos impresos deben ser os menos posibles, xa que en Infantil seguen una metodoloxía por proxectos.

E no terceiro ciclo traballamos principalmente coa plataforma Edixgal, co que implantamos o libro dixital. Empregamos a tecnoloxía na actividade docente e na aprendizaxe do alumnado fomentando a investigación e o traballo colaborativo.

Este proxecto ten como pilares principais :

- a) Infraestrutura e equipamento de dispositivos .
- b) Recursos didácticos dixitais e ferramentas.
- c) Fomentar a cultura da docencia dixital na práctica educativa

6.- Os criterios de oferta educativa , itinerarios e optatividade, de ser o caso.

O alumnado que non opte pola área de Relixión impartirase:

-Nos cursos impares Proxecto competencial: desenvolven un proxecto de investigación seguindo as fases dun traballo por proxectos

-Nos cursos pares traballo en valores e igualdade. Fomentando a educación emocional, traballando con contos, historias e dramatizacións que faviezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias,...

Nas horas de libre configuración o noso claustro decidui:

En cuarto de Primaria dedicala ao reforzo da competencia linguística e en sexto de primaria impartir a materia de Lingua Francesa.

Ademais tamén ofertamos a Expresión Artística en Inglés desde primeiro a sexto de Primaria.

7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- . Contidos do curriculum
- . Coas celebracións a traballar no currículo
- . Reforzar aspectos do curriculum que nos parecen interesantes.
- . Facilitar todas aquelas actividades didácticas escolares e complementarias que faciliten o coñecemento por parte do alumnado do seu entorno natural e social e das súas manifestacións artísticas e culturais .

Estas actividades complementarias deben ser : integradoras, coeducativas, motivadoras, que fomenten a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

8.-Os criterios para o deseño dos plans de reforzamento ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores pendentes.

Os profesionais deste centro entendemos a atención á diversidade como un amplo concepto que inclúe as dificultades de aprendizaxe, as discapacidades de diverso tipo, os grupos de risco, minorías étnicas...etc

Somos conscientes de que as alumnas e alumnos son diferentes en intereses, estilos de aprendizaxe, motivacións e ata no tempo que necesitan para aprender, e esta diversidade require enfoques distintos e diferentes graos de axuda educativa.

Asumimos que unha educación adaptada á diversidade supón:

- Unha planificación individualizada para cada alumna ou alumno sen que isto supoña renunciar á ensinanza en grupo
- Dar respostas educativas adaptadas ás características individuais do alumnado, referidas ás capacidades, motivacións, intereses...
- Ofrecer unha cultura común, resaltando as peculiaridades do alumnado co convencemento de que estas peculiaridades son moi distintas e diversas
- Desde a aula, adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado (actividades abertas con diferentes graos de dificultades...).

A base legal a esta atención a diversidade está recollida na orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .

CRITERIOS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO E PEDAGÓXICO PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Flexibilidade**

1. A Nivel De Agrupamentos:

Traballo en grupo cooperativo.

Traballo individual e autónomo.

Carácter social dos procesos de ensino-aprendizaxe.

2. Combinación de métodos, técnicas e actividades, utilización de diferentes linguaxes e diversos soportes (audio-visual, gráfico, informático....)

- **Globalización das aprendizaxes:** é preciso poñer en marcha estratexias comúns básicas como deseñar actividades de centro, de aula... que impliquen a varios profesores e profesoras e que permitan traballar contidos e obxectivos de diferentes áreas, de aí despréndese a imperiosa necesidade dun traballo en equipo

- **Metodoloxía que favoreza a aprendizaxe activa, funcional e autónoma.** Isto supón dedicar tempo e esforzo a adquisición dos procesos e estratexias para aprender

Cambiar aa metodoloxía implica incidir na práctica diaria do ensino-aprendizaxe.

De acordo coa Orde do 27 de decembro de 2002, *ó comezar a súa escolarización todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial na que se recollerá a detección das NEAE.*

Desta recollida da información correspóndelle ó departamento de orientación a súa análise e obtención das correspondentes conclusións.

A partir desta análise o departamento presentará unha proposta coas medidas de reforzo ou de atención específica para as necesidades detectadas.

Para organizar as medidas de atención á diversidade o departamento terá en conta os seguintes aspectos:

- Número de alumnado que necesita apoio.
- Tipo de necesidades que presentan:
 1. Atención indirecta (preparación de material, estratexias...)
 2. Atención directa.
- Profesional do centro que estea máis capacitado para atender esas necesidades (PT ou titores).
- Distribución do tempo para cada alumna/o.
- Distribución do tempo para cada un dos apoios.

- Etapa e ciclo ó que pertence a/o alumna/o: coa finalidade de previr maiores dificultades, os apoios serán prioritarios nas primeiras idades.
- Número de alumnado que presenta dificultades no grupo.

O reforzo educativo será impartido polo profesorado titor ou (sempre que a organización do centro o permita) **polo profesorado do mesmo ciclo**; estas actuacións levaranse a cabo co resto do grupo ó que pertence a/o alumna/o agás co alumnado procedente doutras culturas con distinta lingua de procedencia; para este alumnado o centro ten previsto un programa de inmersión lingüística coa finalidade de facilitar a integración no nivel correspondente esta medida implica atención individualizada ou en pequeno grupo fóra da aula ordinaria.

As intervencións específicas que precisen do especialista de pedagogía terapéutica serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co titora/or do alumno ou alumna. Estas actuacións levaranse a cabo dentro da aula , xunto co resto do alumnado dese grupo e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excedera a terceira parte da xornada escolar (Orde 27 de decembro de 2002)

Así mesmo, poderanse constituír , con carácter temporal, agrupamentos flexibles para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa (Orde do 27 de decembro de 2002.)

A situación do alumnado con NEAE será revisada periodicamente e poderanse revisar e cambiar as decisións adoptadas con respecto a súa escolarización. As familias estarán informadas puntualmente de calquera medida ordinaria ou extraordinaria de intervención educativa.

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DAS ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

As adaptacións curriculares pertinentes para un alumno ou alumna de NEE, serán realizadas polo profesores e profesoras que atendan ó alumna/o co asesoramento do Departamento de Orientación.

Estas elaboraranse unha vez que estean esgotadas tódalas medidas ordinarias de atención á diversidade.

Precisan dun informe aprobado pola inspección educativa, forman parte do expediente do alumna/o e terán carácter confidencial.

Tódalas ACS adaptaranse ao modelo actual elaborado polo Departamento de Orientación.

9.- Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo e personalizados para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, se é o caso.

A atención ao alumnado repetidor entra dentro da educación integral de todos os alumnos e alumnas.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas deste alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso

Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes Reforzo dentro da aula, coas mestras especialistas de AL e PT, coas que anticiparán ou reforzarán contidos impartidos no resto de horas.

Salientar tamén que un neno ou nena pode flexibilizar co adianto dun curso académico se é considerado un alumno/a con altas capacidades. Dito proceso contempla unha serie de pasos de actuación por parte do profesorado os cales contemplamos en todo

momento por se temos dita casuística co noso alumnado.

Esta medida soamente se poderá levar a cabo unha vez en toda a etapa.

10.- Os criterios xerais de avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

Os criterios xerais para a avaliación do alumnado

Cando o progreso dun/dunha alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, estas medidas están dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O profesorado de área comunicará ao profesorado titor/a as dificultades detectadas para a organización dos reforzos curriculares necesarios e elevarán ditas necesidades á Xefatura de Estudos, así como ao Departamento de Orientación.

Criterios a ter en conta:

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto no D.O. como de tutores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Disponibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación

Criterios de promoción

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. O alumnado que acade a promoción do curso con algunha área con cualificación negativa, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

1. Promoción automática con todas as materias aprobadas.

2. Promoción automática se o alumno/a xa permaneceu un curso máis en Educación Primaria independentemente das materias suspensas unha vez aplicado o plan de reforzo establecido para cada alumno que estea neste caso, e considerar cales son as súas necesidades. Facer unha AC se fose o caso.

3. O alumno/a non poderá promocionar se non supera:

→ As tres materias instrumentais (Lingua Castelá, Lingua Galega e matemáticas)

4. Non caberá repetición dun alumno/a se non se aplicou un plan de reforzo establecido e individualizado en cada caso.

Este plan debe serlle notificado á familia, mediante a correspondente titoría.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse

unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante

este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de

adquisición das competencias correspondentes. Para a

elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50

da Orde do 8 de setembro de 2021.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os

mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático.

11.- Os criterios de otorgamento de matrícula de honra de ser o caso.

Poderase propoñer o outorgamento dunha mención honorífica a todo o alumnado que supere todas as áreas da etapa, obtendo nota media de sobresaínte, e acade alto nivel competencial, mostrando un rendemento académico excelente.

12. As decisión e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.

Cada docente do CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas de Cesantes elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Neste curso as programacións do cursos pares seguen as pautas de cursos anteriores, os mestres e mestras destes cursos seguen unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

Deste modo, tódalas programacións reflicten os seguintes indicadores:

- Introducción e contextualización.
- Competencias Clave.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.

- Temporalización.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía.
- Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.
- Criterios de avaliación e de cualificación e promoción
- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- Deseño da avaliación inicial.
- Medidas de atención á diversidade.
- Procedemento de información ás familias.
- Actividades complementarias e extraescolares programadas.
- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Mentras que os cursos impares 1º, 3º e 5º teñen que elaborar as programacións na aplicación proens seguindo o esquema establecido na aplicación e que segue os elementos do currículo da LOMLOE.

Os apartados a cubrir son:

13.- Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvollen a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

→ Nos axudan a conseguir unha escola plural , na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.

→ Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.

→ Permiten crear lectores/as eficientes.

→ Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

_ Proxectos que melloren a capacidade de traballo do noso alumnado, melloren o seu rendemento académico, implementen novos coñecementos e integren as novas tecnoloxías de xeito eficiente. Somos moi conscientes do momento que estamos a vivir e a complexidade da situación, motivo polo cal nos animamos a innovar nunha serie de aspectos dentro da comunidade educativa como motor de cambio e transformación atendendo ás necesidades actuais do noso alumnado compensador de desigualdades e un xerador de novas oportunidades. O centro potenciará o desenvolvemento das competencias clave buscando sempre a innovación e a excelencia educativa, base do éxito do noso alumnado. Emprender e innovar son dúas ferramentas clave para a evolución da sociedade. É preciso formar a individuos con capacidade de adaptación, creativos e con espírito emprendedor.

- PLAN DE CONVIVENCIA.
- PLAN DE IGUALDADE
- PROYECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- PROYECTO LECTOR.
- POLOS CREATIVOS
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- OUTROS PROGRAMAS (CONTRATOS PROGRAMA E PLAN PROXECTA, REPARTO DE FROITAS E LEITE)

14.- O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado

